

Estimadas familias,

Dámoslle a benvida a un novo curso escolar que dará comezo o día 11.

Recordámossille as normas más salientables deste centro:

- O alumnado transportado realizará a entrada polo portalón grande segundo vaian chegando os autobuses. Os non transportados entrarán polo portal a carón da Galiña Azul e tamén poden facelo polo portalón grande. Este grupo entrará a partir das 8.45. Pola porta que está a carón do edificio de Educación Infantil só pode entrar este alumnado de Educación Infantil. Todo o alumnado permanecerá no patio ata que soe o timbre que se porán por cursos en ringleiras e subirán en orde. Sempre haberá profesorado de garda para controlar o patio e as entradas.
- Cando soe o timbre realizarase o peche dos portais, todo isto é por motivos de seguridade, xa que o profesorado ten que acudir ás aulas e controlar as entradas. Sería moi perigoso deixar todo aberto sen vixilancia. Se algún alumno/a chega desde que estea pechado non se abre ata que os demais estean nas aulas (9.05) e deben vir acompañados coas familias e asinar en secretaría o retraso. É moi importante cumplir esta norma (xa pasou algún caso no que o neno/a quedou no patio completamente só sen entrar).
- Haberá unha soa quenda de comedor. O alumnado que non faga uso deste servizo sairá ás 13.55 polo portalón grande, onde os recollerán as familias, agás os de EI dos grupos 1,4, 5 e 6 que sairán pola porta a carón do edificio de EI.
- O alumnado que fai uso do servizo de comedor e non é transportado nin usuario do servizo lúdico-educativo sairá aproximadamente ás 14.50 h polo portal a carón da Galiña Azul.
- No mes de xullo chegounos unha nova instrución de transporte de obrigado cumprimento e para que vostedes o teñan en conta e poidan xustificar os días para que non perdan o dereito de dito servizo. A instrución é a seguinte:

**Addenda ao Título 7: Normas para a utilización das instalacións, recursos e servizos educativos do centro. Art. 2 Transporte escolar.**

Perda da condición de persoa usuaria con dereito.

Os/as usuarios/as con dereito a transporte escolar ou do integrado que non fagan uso do transporte escolar de xeito continuado perderán dita condición de usuario/a con dereito, e, conseguintemente, non terán acceso preferente ao comedor escolar; para tal efecto, considerarase como continuada a non utilización do servizo cando esta se produza, sen causa xustificada, 5 días nun período de 30 días naturais consecutivos. As direccións dos centros serán responsables de supervisar a correcta utilización dos servizos e da xestión das baixas daqueles usuarios que non cumpran a anterior obriga.

- É moi importante que se tiveron algún cambio de tlf., correo electrónico ou de dirección nolo comuniquen, igualmente é moi recomendable que para casos de urxencia nos dean algún tlf. no que haxa alguén, xa que a veces temos algunha urxencia e non nos damos comunicado.
- É importante que teñan descargada a aplicación de abalar, como saben enviamos por ese medio case todos os comunicados.

- Recorden que se teñen algún problema non dubiden en comunicalo para poder solucionalo canto antes.
- Nos primeiros días van ter que cubrir varias autorizacións que lles enviaremos polos seus fillos/as, por favor pregámoslle que nolas devolvan o antes posible.

Moitas gracias pola súa comprensión e desexámoslle a todos un bo curso.

Equipo Directivo e claustro do curso 2023/2024